

AER DEMANDA CUMPRIR COA TRANSPARENCIA NOS SALARIOS, DIETAS E GASTOS DE REPRESENTACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN



Dende AER sempre consideramos que a cidadanía debe ter un acceso sinxelo e rápido á información en todo o relativo ao gasto dos cartos públicos. Nese senso, consideramos que a cidadanía debe ter un fácil acceso ao que cobran por diversos conceptos os cargos e grupos políticos representados na corporación do Concello de Redondela.

En base a esta premisa, AER propuxo no pleno de xuño de 2013, xa hai máis de dous anos, que en aras da transparencia se publicase na páxina web do Concello a seguinte información:

- 1. Salario de cada un dos membros da corporación.*
- 2. Contía da subvención recibida por cada grupo político.*
- 3. Cartos que reciban os membros da corporación por asistir a outros organismos, como GDR, Deputación, Portos de Galicia, etc....*
- 4. Dietas recibidas polos concelleiros con responsabilidade de goberno e concepto das mesmas, cunha frecuencia semestral.*
- 5. Gastos de protocolo do equipo de goberno e concepto dos mesmos, cunha frecuencia semestral.*
- 6. Tódolos datos anteriores dende o inicio deste mandato.*

Tendo en conta que dita moción foi aprobada por unanimidade e en vista que o único que se cumpriu foron os dous primeiros puntos, AER ven de demandar ao goberno local a que cumpra o aprobado en pleno de xeito inmediato. Debe ser pública a cantidade que percibe o alcalde por ser membro do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo: non basta con saber só canto cobra por sesión, senón que hai que publicar a cantas sesións asiste.

Pedimos á actual deputada autonómica do PSOE, Digna Rivas, que facilite as cantidades que percibe da Deputación Provincial. Tamén solicitamos aos anteriores deputados provinciais por Redondela, Eduardo Reguera (PSOE) e Alberto Pazos (PP), que faciliten o que cobraron no seu paso polo organismo provincial, para dar cumprimento ao acordo da moción proposta por AER.

A Agrupación de Electores de Redondela urxe ao goberno local a que asuma as súas responsabilidades e leve a cabo as propostas dos grupos da oposición aprobadas en pleno, na súa totalidade e non unicamente os apartados que o partido Popular decida pola súa conta e risco, deixando outros tamén de interese para a veciñanza permanentemente en espera sen executar.

Redondela, 30 de setembro de 2015